

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

4567 *Lei orgánica 2/2021, do 23 de marzo, de reforma da Lei orgánica 8/1981, do 30 de decembro, de Estatuto de autonomía para Cantabria, para a eliminación do aforamento dos deputados e deputadas do Parlamento e do presidente e conselleiros do Goberno.*

FELIPE VI

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica:

PREÁMBULO

O artigo 58.1.a) do Estatuto de autonomía para Cantabria, aprobado pola Lei orgánica 8/1981, do 30 de decembro, establece que a reforma do estatuto se debe axustar a un procedemento que comeza coa iniciativa de reforma, que poderá ser impulsada polo Goberno, polo Parlamento de Cantabria co apoio dun terzo dos membros, ou polas Cortes Xerais.

Neste sentido, os grupos parlamentarios asinantes desta iniciativa, e que representan a totalidade dos membros do Parlamento de Cantabria, decidiron dar cumprimento á Proposición non de lei n.º 9L/4300-0018, aprobada polo Pleno na súa sesión do 3 de novembro de 2015, en que se acorda reformar os artigos 11 e 20 do estatuto en relación co foro procesual especial do presidente de Cantabria, dos restantes membros do Goberno e de todos os deputados do Parlamento de Cantabria.

En pleno século XXI, é difícil fundamentar a existencia de foros xudiciais especiais á marxe do xuíz ordinario predeterminado pola lei, recollido no artigo 24.2 da Constitución española de 1978, e que afecta máis de 10.000 persoas en España. Destas, só 1.500 son deputados ou membros dos gobernos autonómicos, pero na súa condición de representantes políticos enténdese necesaria unha reconsideración desta prerrogativa, do foro procesual especial, que ao carecer de xustificación xurídica e social, é recomendable eliminar cun carácter exemplarizante para todos aqueles que foron elixidos directa ou indirectamente polos cidadáns.

Cómpre que os parlamentarios dispoñan de garantías funcionais e prerrogativas vinculadas ao exercicio da súa función -como a inviolabilidade- para que se garanta o libre e correcto exercicio do seu labor representativo, así como a correcta conformación da vontade popular no seo da institución parlamentaria. Pero non o é menos que a sociedade actual, cun poder xudicial independente, nada ten que ver coa dos séculos XVIII e XIX, en que uns privilexios procesuais garantían o labor dos parlamentarios, fronte ao poder do xuíz ou dos gobernantes, e iso hoxe carece de sentido.

Por todo iso, considérase que é necesario modificar o Estatuto de autonomía para Cantabria, co fin de eliminar a prerrogativa do foro procesual especial para que todos os cidadáns de Cantabria sexan xulgados polos xuíces ou tribunais predeterminados pola lei.

Artigo 1. *Modificación do artigo 11.1 da Lei orgánica 8/1981, do 30 de decembro, pola que se aproba o Estatuto de autonomía para Cantabria.*

Modifícase o texto do artigo 11.1 da Lei orgánica 8/1981, do 30 de decembro, pola que se aproba o Estatuto de autonomía para Cantabria, que quedaría redactado da seguinte maneira:

«1. Os deputados e deputadas do Parlamento de Cantabria gozarán, mesmo despois de teren cesado no seu mandato, de inviolabilidade polas opinións manifestadas en actos parlamentarios e polos votos emitidos no exercicio do seu cargo.

Durante o seu mandato non poderán ser detidos nin retidos senón en caso de flagrante delito, e corresponderá decidir sobre a súa inculpación, prisión, procesamento e xuízo aos xuíces ordinarios predeterminados pola lei.»

Artigo 2. *Supresión do artigo 20 da Lei orgánica 8/1981, do 30 de decembro, pola que se aproba o Estatuto de autonomía para Cantabria.*

Suprímese o artigo 20 da Lei orgánica 8/1981, do 30 de decembro, pola que se aproba o Estatuto de autonomía para Cantabria.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta modificación da Lei orgánica 8/1981, do 30 de decembro, pola que se aproba o Estatuto de autonomía para Cantabria, entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado». Tamén se publicará no «Boletín Oficial de Cantabria».

Por tanto,
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 23 de marzo de 2021.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,
PEDRO SÁNCHEZ PÉREZ-CASTEJÓN